

galicia

RESUMO DE PRENSA

Instalación
multimedia
Celso Emilio
Ferreiro

a Celso
Emilio
Ferreiro
2012



XUNTA
DE GALICIA

Unha mostra interactiva para o centenario de Celso Emilio Ferreiro

Este ano 2012 representa unha data memorable para a cultura galega. **Cúmprense 100 anos do nacemento de Celso Emilio Ferreiro**, o poeta celanovés que elevou as nosas letras ao máis alto nivel dentro e fóra das nosas fronteiras.

O pasado mes de outubro o **Parlamento de Galicia acordou por unanimidade declarar o 2012 como ano Celso Emilio Ferreiro**. Co obxectivo de difundir o labor desenvolvido polo poeta como renovador da literatura galega, así como a súa actividade política e literaria de compromiso con Galicia, a Xunta de Galicia promove ao logo deste ano, e coa implicación de diversas entidades sociais, un amplo programa de actividades.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da Secretaría Xeral de Cultura, e coa colaboración da Fundación Celso Emilio Ferreiro, propoñen **un percorrido pola súa vida e obra a través dunha mostra itinerante interactiva que estará presente nas bibliotecas nodais e en centros de ensino de diferentes localidades de Galicia**.

Coñecer,
valorar,
aprezar,
obxectivos
da exposición

Con esta mostra a Xunta de Galicia pretende contribuír, ao longo de 2012, a **conmemorar e celebrar unha figura fundamental** e unha data histórica para a nosa cultura.

Poñer en valor o legado que Celso Emilio Ferreiro lle deixou á sociedade galega e que conforma un dos bens máis prezados do noso patrimonio cultural é unha das principais intencións desta exposición que rodará polos concellos de Galicia ao longo dos vindeiros meses.

Grazas á súa ampla itinerancia a vida e a obra de Celso Emilio poderá chegar a un **amplio número de persoas interesadas a través dun formato novidoso e atendendo os novos consumidores culturais**.

Unha instalación interactiva para a descuberta de datos e curiosidades

A vida e a obra do poeta celanovés son o eixe sobre o que se constrúe esta proposta, unha exposición que pretende achegar a figura de Celso Emilio Ferreiro a toda a xeografía galega, viaxando durante todo o ano polas bibliotecas nodais e polos centros de ensino de Galicia.

Construída coa colaboración rigorosa da Fundación Celso Emilio Ferreiro, a exposición garda relación directa coa información recollida na web de referencia presentada a primeiros deste ano www.celsoemilioferreiro.org, mesturando contidos biográficos, mostras sonoras, fotografías, audiovisuais etc.

Trátase, daquela, dunha biografía multimedia a través da obra, das imaxes, dos fetiches, dos sons e da voz do propio autor.

Achegarse a Celso Emilio a través dos novos soportes

A programación de actividades proposta pola Xunta de Galicia en colaboración con diversas entidades e institucións procura abranguer os distintos públicos e formatos para achegarse á obra e á vida do autor, así como para contribuír á aparición de novas publicacións e investigacións sobre a súa obra.

A proposta desta instalación multimedia para difundir a obra e a vida do poeta e político procura unha aproximación interactiva e multimedia, axeitada para públicos non especialistas. As súas dimensións, formato e volume de contidos permiten un achegamento en diversos niveis de profundización, xa que é concibida para itinerar polas bibliotecas nodais e polos centros de ensino de Galicia durante este Ano Celso Emilio Ferreiro.

Consta dunha **pantalla interactiva** de gran tamaño, con acceso a aplicacións multimedia, un **muro vertical móbil** co retrato do escritor e unha **mesa de luz**, con obxectos persoais do autor.

Unha mostra en movemento

A itinerancia da exposición comeza na Biblioteca nodal de Santiago de Compostela, a Biblioteca Ánxel Casal, onde permanecerá ata o vindeiro 13 de abril. A continuación percorrerá as **bibliotecas nodais** de Pontevedra, da Coruña, de Ourense e de Lugo, para finalizar esta primeira etapa na Biblioteca Central Vigo.

A partir do mes de outubro este punto interactivo permitiralles afondar no coñecemento sobre Celso Emilio Ferreiro aos **estudantes de secundaria** doutras nove localidades de Galicia. O centro CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro, de Ferrol, o IES Francisco Daviña Rey, de Monforte, o IES de Foz, o IES Maruxa Mallo, de Ordes, o IES Illa de Tambo, de Marín, o IES Aquis Celenis de Caldas de Reis, o IES Xesús Taboada Chivite, de Verín, o IES Lauro Olmo, do Barco de Valdeorras, e o IES de Celanova, vila natal do autor (na que se clausurará esta exposición no mes de decembro), serán os que acollan esta mostra interactiva ao longo de 2012.

galicia



Máis info en www.celsoemilioferreiro.org
e en <http://cultura.xunta.es>



**XUNTA
DE GALICIA**